


Lectores/as expertos/as e xuvenil



A avoa Gangster.

David Walliams. Sushi Books.
Ben aborrece os venres, tenos que pasar coa súa avoa entre partidas de Scrabble e sopa de repolo. Pero un día Ben atopou un tesouro. Terá algo que ver a avoa?

Asterix en Italia.

Goscinny e Uderzo. Xerais.
Unha nova enleada de Asterix e Obelix, desta vez en Italia. Sairán airosos das súas aventuras?




Pippi Mediaslongas.

Astrid Lindgren. Kalandraka.
Un clásico universal e imprescindible, por fin en galego para gozar das aventuras e extravagancias dunha nena rebelde, simpática e extrovertida.




Reckless. O fío de ouro.

Cornelia Funke. Xerais
A onde levará o fío de ouro? Déixate guiar pola aventura, o misterio e o feito desta fantástica historia. Atrévete?



A cova da moura.

Natalia Carou. Baía Edicións.
Malena e Mateo atopan un manuscrito dunha moza que habitou no castelo de Soutomaior no S.XVI. Nel fala do acontecido nun lugar misterioso chamado a cova da moura. Que pasará alí?



Habaixo o colexio.


Geoffrey Willans. Sushi Books.
Nigel non será o mellor estudante de St Custard's, pero é quen de crear unha guía para recoñecer dunha ollada ao inimigo (os profesores), latar ás clases ou torturar aos pais.



Un ano máis, aquí chegan as nosas recomendacións de nadal. Unha mancha de libros e música para facernos fortes e renacer a través da cultura e as lecturas.

Boas Festas!

Adultos/as e xuvenil




Chané na Habana.

Alejandro Vargas Consort, Camerata Egeria e Rosa Cedrón. Central Folque.
Libro CD que busca reinterpretar o repertorio de José Castro "Chané", da man de artistas do mundo do jazz, a clásica e o folk.

Na Butaca.

Esther Carrodegua. Galaxia.
Na butaca aborda de maneira poética e optimista o tema do esquecemento como doenza tipo demencia ou alzhéimer.



MAUS.

Art Spiegelman. Inrevés.
Cómic biográfico de Art Spiegelman que narra a vivencia do seu pai no campo de concentración de Auschwitz.

Luns.

Eli Ríos. Xerais.
Un luns, Nerea recibe a nova de que ten cancro de mama. Vai morrer e ten apenas dous meses para resolver mil cousas pendentes.



Os fillos do lume.

Pedro Feijoo. Xerais.
Poucas cousas cambian a vida dunha persoa. Presenciar un asasinato é unha delas. A intriga, a acción e o suspense, anegan as páxinas desta novela.



Tempo de acivros

Tempo de libros



CEP Brea Segade de Taragoña

CEIP Ana M^a Diéguez de Asados

CEIP A.D.R. Castelao de Rianxo

CRA de Rianxo

Biblioteca Pública Municipal Castelao

Rianxo, decembro de 2017


Prelectores/as



No parque de bombeiros/Os bombeiros en acción.
Yi-Hsuan Wu. Baía Edicións.
Colección Libro Móbil.
Libros temáticos e móbiles sobre a actividade das bombeiras e bombeiros.

As tres curuxiñas.

Martin Walden. Kalandraka.
Unha tenra historia sobre os sentimentos dos meniños cando os adultos non están con eles.




O un era Xoán.

Maurice Sendak. Kalandraka.
Un conto do fabuloso Sendak para chegar aos máis cativos aos números e ao conteo.



Primeira semana na escola de vacas.

Andy Cutbill. Patasdepeixe.
É o primeiro día de Daisy na escola de vacas e os becerriños pásano pipa, pero Daisy non se acaba de afacer.



A banda dos cueiros.

Un proxecto musical nacido da actividade "Contos en cueiros" que fará que os pequenos gocen da música dende os primeiros anos.



Colección Os Wombis.

Emilia Rebumbio. Galaxia.
Nesta colección, os Wombis achegan á lectura aos máis pequenos a través de temas próximos a elas e eles como os medos, os cueiros ou os chupetes.



Primeros/as lectores/as



Colección descubro e aprendo.

Mathilde Paris. Baía Edicións.
As nenas e os nenos descubrirán as curiosidades e feitos do mundo que os rodea a través duns mestres moi especiais: os animais.

Animalario cotián entre irmáns.

María Lires. Xerais.
Pese a que todos os irmáns xogan, discuten e enredan, a vida non se entendería sen a súa compañía tan necesaria e agarimosa.




Os fantasmas non petan na porta.

Eulàlia Canal. Editorial Algar.
A amizade é unha das cousas máis fermosas, pero compartila non sempre é fácil. Ou si? Ao fin, ter moitos amigos pode ser máis divertido do que imaxinamos.

O xigante secreto do avó.

David Litchfield. Hércules Edicións.
O avó de Billy di que hai un xigante na vila. Un xigante é demasiado grande como para agocharse. E por que manterse en segredo?



Radio Bule Bule.


Paco Nogueiras. Kalandraka.
Unha ducia de cancións divertidas e pegadizas conforman a grella de programación dunha emisora comunitaria onde "o falar non ten cancelas".

Poemar o mar.

Antonio García Teijeiro. Xerais.
O mar e a poesía son os grandes protagonistas neste libro. Un mar que molla con poemas, que chora por dentro e cala por fóra.



Lectores/as autónomos/as



Astro Rato e Lampadiña. Parece que orballa.

Fermín Solís. Patito Editorial.
Astro Rato está un pouco despistado no espacio. Por sorte ten a compañía de Lampadiña para recordarlle a súa misión.

Maruxaina.

Jacobo Paz Limia. Bolanda.
Que farías se de súpeto tiveras un peite que te transformase nunha se-rea?
Atrévete a vivir unha emocionante aventura?



A señorita Bubble.

Leticia Costas. Xerais.
Todo o mundo rexeitaba á señorita Bubble dende que chegou á vila. Sen embargo, ninguén sospeitaba o que realmente acontecía na súa mansión.

Pituxa, a fantástica nena da caca de ouro (escrita por un bolígrafo).

Marcos López Concepción. Galaxia.
Pituxa tense que adaptar a unha nova vida. Coa axuda dos veciños e amigos vivirá toda unha aventura.



O lapis máxico de Malala.

Malala Yousafzai. Xerais.
Malala quería un lapis máxico para pedir desexos para ela e a súa familia. Sen embargo cando o tivo nas mans, decatouse das cousas realmente importantes.

Os arquivos secretos de Escarlatina.

Leticia Costas. Xerais.
Este é un libro para mentes curiosas. Un libro pensado, ademais de para ler, para xogar e afondar no universo de Escarlatina, a cociñeira defunta.

